



13.- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza dítase ao abeiro do disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de recoller tódalas especificacións e singularidades que non son recollidas nin neste texto legal nin na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público locais (en diante OX) deste concello.

Artigo 2. Normas sobre a xestión da taxa

Todo o relativo á xestión específica deste tributo aterase ao disposto no artigo 16 da OX do Concello do Carballiño, así como nos restantes artigos sobre altas nos rexistros, notificacións administrativas, beneficios fiscais, exencións, procedemento de revisión, suspensión do procedemento, devolución de ingresos indebidos, xestión recadatoria e inspección, sancións e infraccións así como na normativa legal vixente.

En concreto para esta taxa, se especifican as regulacións seguintes:

Artigo 2.1 Feito imponible:

Constitúe o feito imponible segundo o disposto no artigo 20 e en particular nos supostos que veñen recollidos no artigo 3 desta Ordenanza fiscal, para o cálculo das tarifas á aplicar.

Artigo 2.2 Suxeitos pasivos, substitutos e responsables do feito imponible

Os suxeitos pasivos contribuíntes e suxeitos pasivos substitutos do suxeito pasivo serán aquelas persoas que veñen reguladas no artigo 16 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e demais ingresos de dereito público locais.

Serán responsables desta taxa aquelas persoas segundo o que establece a citada ordenanza xeral no seu Capítulo II, da Subsección II da Sección IV.

Artigo 2.3 . Licenzas.

Segundo a lexislación urbanística, será requisito previo ao comezo dunha obra, posuír a correspondente licenza urbanística, nos casos nos que esta sexa esixida tanto por dita lexislación como polo Plan xeral de ordenación urbana do concello.

Artigo 2.4. Tramitación das licenzas.



- As instancias de solicitude de licenzas urbanísticas, debidamente cubertas, consonte ás normas xerais de tramitación, deberán ir subscrias polo/a propietario/a do inmoible afectado; deberase facer constar en todo caso a identificación desta persoa, cando fora outra a solicitante da licenza.
- Os/As interesados/as presentarán as instancias xunto cos exemplares do proxecto coa autoliquidación provisional da taxa, que deberá ser satisfeita na Recadación municipal, e deberá achegar necesariamente, o xustificante do pagamento ao momento da posterior presentación da instancia ante o Rexistro xeral da corporación.
- Unha vez presentada a totalidade da documentación tramitarase consonte ao procedemento legal vixente en cada momento, ata o outorgamento desta, se procede.
- A licenza debe ir reintegrada consonte co disposto na ordenanza fiscal que corresponda. -O/A interesado/a deberá mantela á disposición dos órganos municipais, estes poderán comprobar en calquera momento o pagamento correcto da taxa ou a adecuación á legalidade urbanística, debendo noutro caso dar conta aos órganos de decisión do concello.
- Rematada a obra, o/a promotor/a estará obrigado/a a solicitar do concello a licenza de primeira ocupación; sen a obtención desta, non poderá ser utilizado o inmoible. Con esta solicitude realizarase a liquidación definitiva da taxa, tomando como base impositiva o orzamento de execución material das obras, certificado polo técnico facultativo da obra; para tal efecto, o interesado deberá achegar o correspondente certificado de conclusión de obra, subscria polo facultativo director da referida obra e visado polo colexio oficial competente ao respecto. No mesmo acto, estenderase a liquidación da taxa por licenza de primeira utilización, consonte co previsto na presente ordenanza e a ordenanza de expedición de documentos.
- A diferenza resultante entre as liquidacións provisoria ou definitiva da taxa urbanística, por tramitación da licenza será ingresada ou, se é o caso, devolta no prazo de 15 días.
- A tramitación que antecede, refírese con carácter xeral, ás denominadas polas ordenanzas de edificación de “obras maiores”; para as obras menores poderá realizarse a liquidación definitiva da taxa no momento da solicitude da licenza; neste último caso, é precisa a presentación do proxecto, cando así o prevexan o Regulamento de disciplina urbanística e o Plan xeral de ordenación urbana.

Artigo 2.5. Utilización da licenza.

A execución da obra deberá axustarse exactamente, ás condicións da licenza e do proxecto aprobado. Calquera modificación que tivese que realizarse, terá que ser solicitada previamente e aprobada consonte coa tramitación regulamentaria que corresponda, tralo pagamento previo da taxa sinalada para o efecto na presente ordenanza.



Artigo 2.6. Caducidade das licenzas.

- As licenzas concedidas caducarán de acordo co disposto no PXOU e demais normativa urbanística aplicable.
- A caducidade da licenza non comportará devolución dos dereitos ou taxas da presente ordenanza.
- Caducada a licenza, o concello poderá autorizar a continuidade das obras, sendo preceptivo, en todo caso, a solicitude de nova licenza, tralo pagamento previo da taxa que corresponda, para as obras que estean pendentes de executar.

Artigo 2.7. Efectos do silencio administrativo.

Os titulares de licenzas outorgadas en virtude de silencio administrativo, antes de iniciar as obras ou instalacións, deberán ingresar o importe da cota correspondente ao proxecto ou presuposto da obra ou actividade a realizar.

Artigo 2.8. Cambios de titularidade.

Nos cambios de titularidade as licenzas municipais autorizadas pola corporación, procederase á actualización do presuposto da obra obxecto da licenza, aplicándose sobre dito valor actualizado os tipos de tarifa correspondentes e á cota resultante, unha vez descontado o importe da taxa aboada inicialmente pola licenza transmitida, ingresarase nas dependencias de Recadación en concepto de autorización do cambio de titularidade.

Artigo 2.9. Base impoñible.

Constitúe a base impoñible da taxa o orzamento de execución material das obras para realizar, visado polo colexio correspondente naqueles casos que así esixa o PXOU.

Artigo 3. Tarifas.

3.1. Obras e construcións e xeral.

3.1.A. Obras maiores.

Tributaran o 0,29% do orzamento de execución material das obras que figure no proxecto excluído o beneficio industrial e o IVE e demais tributos que sexan aplicables.

3.1.B. Obras menores.

Cando os interesados presenten coa solicitude orzamento co importe total da obra: 0,24 % do mesmo sempre que o departamento de obras lle dea a súa conformidade o orzamento presentado.



CONCELLO
DO CARBALLIÑO
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1
Telfno: 530007 - Fax: 530008
32500 O Carballiño (Ourense)

En caso de disconformidade ou non presentalo tomaranse como prezos mínimos os que fixe o técnico municipal mediante informe.

Establecese unha cota mínima, en base a criterios de eficacia e economía na xestión deste tributo de 6,77 €.



3.2. Fixación de liñas.

- ML Fixación de liñas en parcelas: 1,10380 €
mínimo 6,61 €

3.3. Acometidas a redes de auga e sumidoiros

3.3.A.1. Acometida de auga a rede xeral: 11,02 €

3.3.A.2. Acometida a rede de sumidoiros: 11,02 €

3.4. Solicitude de condicións urbanísticas.

3.4.1. Certificados de condicións urbanísticas/resolucións: por parcela. 22,14 €

3.4.2. Informe: por parcela 19,83 €

3.5. Solicitude relativa a licenza de parcelacións urbanísticas ou segregacións.

3.5.1. Por cada parcela resultante, despois da segregación: 33,11 €

3.6. Instrumentos de planeamento.

3.6.1. Tramitación de autorizacións en solo rústico: 110,29 €

3.6.2. Tramitación de proxecto de urbanización de iniciativa particular: 331,18 €

3.6.3. Tramitación de estudos de detalle: 331,18 €

3.6.4. Tramitación de plans especiais, parciais, plan se sectorización: 441,47 €

3.6.5. Tramitación de convenios urbanísticos: 331,18 €

3.6.6. Tramitación de modificacións do Plan Xeral ou dos instrumentos de desenvolvemento por iniciativa particular: 662,36 €

3.6.7. Tramitación de delimitación de unidades de execución a cambios de sistema de actuación: 331,18 €

Artigo 4. Fianza

1.- Fianzas:

- constituírase unha fianza polo importe de 32,90€/metro lineal para garantir a reposición de pavimentos nas obras que se executen ao abeiro das tarifas recollidas nesta ordenanza.

2.- Fianzas acometidas de auga:

- fianzas tipo A:

Para subministracións con contadores de calibre igual ou inferior a 20 mm.....26,65 €.

- fianzas tipo B:

Para subministracións con contadores de calibre superior a 20 mm.....57,20 €.



Para subministracións que de forma excepcional, temporal, circunstancial ou esporádica se concedan sen contador, aplicarase a fianza de Tipo B.

Disposición Final. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer o día un de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

- Aprobación provisional:

-- sesión do Pleno: 29/09/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 230 do 05/10/2016**

*** Diario "La Región" do 01/10/2016**

- Aprobación definitiva:

-- modificación do artigo 3 (Tarifas) e da Disposición Final.

-- sesión do Pleno: 01/12/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 283 do 12/12/2016**

*** Diario "La Región" do 12/12/2016**

-- entrada en vigor: 01/01/2017